




Guía de Acollida Enfermeiras/os

UNIDADE DE MEDICINA INTERNA
(PLANTA 6ª)





- 1** **Benvida**
- 2** **Organización do Traballo**
- 3** **Tarefas Quenda de Mañá**
- 4** **Tarefas Quenda de Tarde**
- 5** **Tarefas Quenda de Noite**
- 6** **Actividades Programadas**
- 7** **Medidas para a Seguridade dos Pacientes**
- 8** **Decálogo de Boas Prácticas**




1

Benvida


Benvida/o á planta 6ª do Hospital Meixoeiro.

O obxectivo desta guía rápida é favorecer a túa integración no traballo habitual da unidade.

Plano dos espazos de traballo da Ala 1



Plano dos espazos de traballo da Ala 2



2

Organización do Traballo



- O traballo na unidade organízase por asignación e distribución de pacientes ao persoal, co fin de proporcionar atención integral e que o paciente saiba en todo momento quen son os responsables do seu coidado.
- As accións descritas en cada quenda non supoñen a totalidade das desenvolvidas polo persoal de enfermería, posto que existen outras funcións que xurden a demanda, e son necesarias para manter o bo funcionamento da unidade e dar unha axeitada atención ao paciente e á súa familia.
- O persoal está suxeito ao segredo profesional e á lei de protección de datos.
- O acceso á historia clínica do paciente e ao resto das aplicacións corporativas, é persoal mediante usuario e contrasinal. En ningún caso debe ser cedido a outro/a compañeiro/a de traballo. Debes solicitar á Supervisora da Unidade, a xestión do teu usuario para o acceso ás aplicacións.
- Para máis información sobre a unidade podes consultar o Manual de Xestión e Organización Interna na Intranet Corporativa.
- *As actividades descritas nesta guía poderán estar suxeitas a modificacións dependendo da situación da unidade.*

3

Quenda de Mañá



- Recoller o cambio de quenda e/ou revisar incidencias de quendas anteriores.
- Realizar extraccións e mostras de analíticas.
- Preparar e administrar a medicación segundo prescrición.
- Revisar que pacientes teñen probas e se precisan xaxún.
- Tomar constantes habituais dos pacientes: TA, FC, dor, e saturación de O₂ en pacientes cardiolóxicos e respiratorios.
- Realizar probas diagnósticas: EKG, sondaxes, gasometrías ...
- Pasar visita co médico responsable de cada paciente (de luns a venres, e os sábados aos pacientes de novo ingreso) e rexistrar cambios (dietas, vías, sondas...etc).
- Realizar e/ou revisar a Planificación de Coidados, escalas de valoración (UPP, Braden, Catéteres), e rexistrar as medidas preventivas no plan.
- Realizar curas e revisar accesos venosos (flebites, apósitos, etc), sondas, e cambiar se precisan.
- Complimentar o Informe de Continuidade de Coidados aos pacientes de alta.
- Rexistrar os coidados, cambios e accións realizadas na historia do paciente.

4 Quenda de Tarde



- Recoller o cambio de quenda e/ou revisar incidencias de quendas anteriores.
- Tomar constantes a pacientes con controis específicos.
- Preparar e administrar medicación segundo prescripción.
- Realizar e/ou revisar a Planificación de Coidados, escalas de valoración (UPP, Braden, Catéteres), e rexistrar as medidas preventivas no plan.
- Realizar curas e revisar accesos venosos (flebitis, apósitos, etc), sondas, e cambiar se precisan.
- Realizar coidados necesarios para garantir a continuidade asistencial.
- Realizar probas urxentes.
- Rexistrar os coidados, cambios e accións realizadas na historia do paciente.

5 Quenda de Noite



- Recoller o cambio de quenda e/ou revisar incidencias de quendas anteriores.
- Tomar constantes a pacientes con controis específicos.
- Preparar e administrar medicación segundo prescripción. A medicación oral prescrita cada 8 hora administrárase co almorzo, na quenda de mañá, agás situacións especiais.
- Realizar curas / probas aos pacientes que precisen.
- Revisar o estado dos accesos venosos.
- Realizar e/ou revisar a Planificación de Coidados, escalas de valoración (UPP, Braden, Catéteres), e rexistrar as medidas preventivas no plan.
- Extremar as medidas que faciliten o sono do paciente.
- Realizar extraccións de sangue para analíticas.
- Rexistrar os coidados, cambios e accións realizadas na historia do paciente.

6

Actividades Programadas



Revisar o carro de RCP na quenda de noite o 1º sábado de cada mes, ou cada vez que se utilice.

7

Seguridade do Paciente

Aplica os teus coidados seguindo os protocolos da unidade e as mellores evidencias dispoñibles.

Recorda estas 5 medidas para a Seguridade dos Pacientes:

- 1** Comproba a correcta identificación do paciente e a posesión deste de pulseira identificativa.
- 2** Aplica os 5 momentos da hixiene de mans.
- 3** Verifica os 5 correctos da administración da medicación.
- 4** Preserva a integridade cutánea do paciente e rexistra os coidados realizados.
- 5** Aplica e rexistra as medidas preventivas para evitar as caídas.

01**PRESENTATE**

Presentate co teu nome e categoría profesional e leva visible a tarxeta identificativa.

04**PRACTICA A EMPATÍA**

Respecta as crenzas, valores e preferencias de pacientes e profesionais.

07**FAI EQUIPO**

Fomenta a participación e o traballo en equipo e manexa os recursos responsablemente.

10**COIDA CON SEGURIDADE****02****COIDA O TEU ASPECTO**

Mantén unha uniformidade correcta. Non leves xoias nin uñas pintadas e recolle o cabelo.

05**FOMENTA O DESCANSO**

Planifica o tratamento e coidados para favorecer o sono. Minimiza o ruído e a luz.

08**RESPECTA A INTIMIDADE**

Garante a privacidade e confidencialidade, respecta a intimidade do/a paciente e a súa autonomía.

03**INFORMA E ESCOITA**

Adapta a linguaxe e comproba que te entenden. Practica a escoita activa.

06**COIDA A COMUNICACIÓN NON VERBAL**

Coida o ambiente e a comunicación non verbal. Non utilices o móbil durante a práctica asistencial.

09**GARANTE A CONTINUIDADE ASISTENCIAL**

Asegura a continuidade asistencial a través dos informes de alta e os rexistros na H^a clínica. Recorda que é un dereito do/a paciente.

Ten presente a seguridade do/a paciente nas túas intervencións e coidados e mantén actualizados os teus coñecementos.